

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA INIBIC PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS CONCEDIDOS AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA DE A CORUÑA (INIBIC), AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DA ACCIÓN ESTRATÉXICA EN SAÚDE (AES) 2025.

En Santiago de Compostela, a data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Antonio Gómez Caamaño**, conselleiro de Sanidade, nomeado por Decreto 44/2024, de 14 de abril, en representación da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 144/2024 e 145/2024, de 20 de maio, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos; así como no establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E doutra, **D. Luis Verde Remeseiro**, en calidade de presidente do Padroado da Fundación Pública Galega de investigación Biomédica INIBIC, en virtude do seu cargo como titular da Área Sanitaria de A Coruña Cee, segundo se establece no artigo 22.a) dos seus estatutos, e en virtude da reunión na que tivo lugar a aceptación expresa da presidencia en data 3 de abril de 2017 do Padroado da Fundación, inscrita na folla número 3 do Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, segundo publicación no Diario Oficial de Galicia de 11 de novembro de 1991.

MANIFESTAN

Que o **SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989 do 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento dos programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Que polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a **AXENCIA GALEGA PARA A**

XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (en adiante, ACIS), adscrita á Consellería de Sanidade. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema público de Saúde de Galicia. A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

Que a **FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA INIBIC** (en adiante a Fundación) é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, modificada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

Que a Fundación está integrada no sector público autonómico de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e de conformidade co acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 28 de decembro de 2023 no que se aprobou a modificación dos seus estatutos, polo que ten a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Xunta de Galicia, o que implica a súa vinculación ao réxime dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e está adscrita á consellería competente en materia de sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde.

Que a Fundación réxese polos seus estatutos, polas normas de réxime interno que en interpretación e desenvolvemento destes aprobe o Padroado e, en todo caso, pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, polo Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan ou sexan de aplicación. Ademais pola súa condición de Fundación do sector público de Galicia, tamén lle será aplicable nos aspectos que procedan, a normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a lexislación de subvencións e de contratos do sector público,



a normativa da función pública e de organización e funcionamento da administración e do sector público autonómico de Galicia, a normativa de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega e, en xeral, calquera outra norma aplicable aos entes instrumentais do sector público de Galicia.

Que a Fundación ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego. Con ese propósito, a Fundación serve de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e contribúe eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, recabando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.

Que o Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC), é unha entidade sen personalidade xurídica propia que se conforma actualmente mediante a asociación da Área Sanitaria de A Coruña e Cee, que engloba os centros de atención hospitalaria, atención especializada e atención primaria da área sanitaria de A Coruña e Cee coa Universidade de A Coruña (UDC).

Que o INIBIC ten entre as súas principais funcións:

1. Fomentar a colaboración entre investigadores do ámbito básico, clínico, de saúde pública e de servizos de saúde.
2. Promover a investigación traslacional e a innovación que teñan aplicacións e repercusións clínicas.
3. Fomentar a colaboración entre os centros de investigación das entidades que integran o INIBIC e outros pertencentes a outras institucións de investigación no ámbito autonómico.

Que o INIBIC carece de personalidade xurídica propia, polo que de conformidade cos requisitos previstos para estas entidades no Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño, sobre acreditación de institutos de investigación biomédica ou sanitaria, conta coa Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC como estrutura de xestión.

Que o Instituto de Saúde Carlos III, organismo público de investigación con carácter de



organismo autónomo, dos previstos no artigo 84.1.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e cuxa misión é desenvolver e ofrecer servizos científico-tecnolóxicos da máis alta calidade dirixidos ao Sistema Nacional de Saúde e ao conxunto da sociedades, é o organismo xestor das actividades da Acción Estratéxica en Saúde (AES). A AES ten como obxectivos principais fomentar a saúde e o benestar da cidadanía, así como desenvolver os aspectos preventivos, diagnósticos, curativos, rehabilitadores e paliativos da enfermidade, reforzando e incrementando para iso a competitividade internacional da I+D+i do Sistema Nacional de Saúde e das empresas relacionadas co sector e execútase a través de convocatorias competitivas anuais que desenvolven os programas de actuación anuais dos diferentes Programas Estatais.

Que estas convocatorias da AES están dirixidas aos Institutos de Investigación sanitaria que deberán presentar solicitudes para os grupos de investigación adscritos a estes e pertencentes a calquera das institucións asinantes do convenio de constitución do mesmo. O centro de realización da actividade será o citado Instituto, excepto nos contratos que impliquen actividade asistencial en que esta se desenvolverá en centros asistenciais con actividade clínico-asistencial: hospitais, centros de atención primaria, outros centros asistenciais distintos dos anteriores con licenza de actividade sanitaria expedida pola autoridade competente, polo a contratación de profesionais se desenvolverá, exclusivamente, en entidades sanitarias de titularidade pública. Se trata das axudas dirixidas, en distintas modalidades como os contratos Juan Rodés ou os contratos Rio Hortega, a contratación de investigadores que simultanearán a súa actividade investigadora coa actividade asistencial correspondente a súa especialidade, ou axudas dirixidas á intensificación da actividade investigadora de profesionais sanitarios, a través da contratación doutros profesionais da súa mesma categoría que realicen parte da actividade clínico-asistencial de ditos profesionais para que estes ao mesmo tempo podan desenvolver actividades de investigación.

Que, con data 10 de decembro de 2024, a Dirección do Instituto de Saúde Carlos III. O.A., M.P., ditou Resolución pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2025, mediante tramitación anticipada de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde (Líñas Estratéxicas de Investigación en Saúde 2024-2027), e cuxo extracto foi publicado no «Boletín Oficial do Estado» de data 12 de decembro de 2024 e cuxo texto completo atópase publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), con código identificativo 801915

Que, por tal motivo, cumpre establecer no presente convenio o procedemento polo que se levará a cabo a contratación polo Servizo Galego de Saúde das persoas facultativas especialistas, diplomadas universitarias ou graduadas en Enfermaría, Odontoloxía ou en Fisioterapia, ou nas categorías sanitarias que se establezan na convocatoria da AES, que foran seleccionadas na correspondente resolución de concesión de axudas, para realizar parte da actividade clínico-asistencial ao mesmo tempo que desenvolvan actividades de



investigación.

Que, á vista de canto antecede, as Partes conveñen en outorgar o presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer o mecanismo de colaboración entre as partes para a formalización dos contratos das axudas concedidas ao INIBIC a través da Fundación ao abeiro da convocatoria correspondente ao ano 2025 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2024-2027, e cuxo extracto foi publicado no «Boletín Oficial do Estado» de data 12 de decembro de 2024 e cuxo texto completo atópase publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), con código identificativo 801915 , e que lle correspondan formalizar ao Servizo Galego de Saúde por implicar actividade asistencial.

SEGUNDA.- Compromisos das partes

Pola parte do INIBIC, a través da Fundación:

- Poñer en coñecemento e solicitar a conformidade do Servizo Galego de Saúde, a través da ACIS, en tempo e forma suficiente, para a presentación de solicitudes por parte do INIBIC as axudas que se recollan dentro desta convocatoria da AES.
- Facilitar ao Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de A Coruña) a información recollida na cláusula cuarta deste convenio, respecto as axudas concedidas que sexan obxecto do mesmo.
- Realizar as achegas económicas ao Servizo Galego de Saúde, (Hospital Universitario de A Coruña) do importe concedido na convocatoria da AES indicada na cláusula primeira, para o financiamento dos contratos que lle correspondan formalizar ao Servizo Galego de Saúde por implicar actividade asistencial.
- Enviar copia dos contratos asinados polas partes ao Instituto de Salud Carlos III e á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) no prazo dun



mes dende a súa sinatura.

- Colaborar co Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de A Coruña) no seguimento e control da contratación, debendo realizar a xustificación económica e remitirla ao ISCIII, nos prazos e forma previstos na convocatoria.
- Elaborar e xestionar a presentación de toda a documentación xustificativa da axuda (Gastos, Resultado Económico da Actividade, Memoria Científico-Técnica, etc..) a través da aplicación de seguimento [https:// aeseg.isciii.es/](https://aeseg.isciii.es/) e da Sede electrónica do Instituto de Salud Carlos III, como centro solicitante das axudas e nos prazos previstos na convocatoria.
- Comunicar a outra parte calquera incidencia que se orixine nos contratos tan pronto como teña coñecemento da mesma (Interrupción dos contratos por maternidade, adopción, incapacidade temporal, renuncia, etc..).

Pola parte do SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE A CORUÑA):

- Formalizar, dentro dos prazos previstos na convocatoria da AES indicada na cláusula primeira, e xestionar os contratos cos candidatos seleccionados nas axudas concedidas na AES, que que lle correspondan ao Servizo Galego de Saúde por implicar actividade asistencial.
- Remitir copia dos contratos formalizados á Fundación no prazo máximo de 15 días naturais tras a súa sinatura.
- Facer referencia expresa nos contratos dos números de expediente, retribución, tipo de xornada, horas e demais circunstancias, dando cumprimento ás condicións indicadas na convocatoria e a súa resolución.
- Comunicar a outra parte calquera incidencia que se orixine nos contratos tan pronto como teña coñecemento da mesma (Interrupción dos contratos por maternidade, adopción, incapacidade temporal, renuncia, etc..).
- Non formalizar, asociados a estes contratos, servizos de garda ou actividades complementarias que superen os máximos establecidos na correspondente convocatoria, no seu caso. En todos os casos, antes do seu comezo, estas actividades complementarias deben ser comunicadas e informadas



favorablemente polo ISCIII a través da Fundación.

- Colaborar co INIBIC, a través da Fundación no seguimento e control da contratación, debendo remitir, no prazo máximo dun mes logo do remate dos contratos, a documentación relativa aos mesmos (memoria económica xustificativa do destino dos fondos).
- Asumir as cotas empresariais á Seguridade Social e resto de gastos da contratación que, no seu caso, se poidan orixinar.

TERCEIRA.-Determinación das achegas

O importe das achegas que deban efectuarse por parte do INIBIC ao Servizo Galego de Saúde a través da Fundación en desenvolvemento deste convenio, e as condicións de pago das mesmas, se concretarán individualmente unha vez publicadas as respectivas resolucións definitivas de concesión de axudas correspondentes á convocatoria da AES indicada na cláusula primeira, e se incorporarán a este convenio, como adendas ao mesmo, recollendo:

- A modalidade das axudas concedidas a que correspondan.
- A relación nominal dos investigadores obxecto de contratación ou intensificación recollidos nas axudas concedidas e números de expedientes concretos.
- O importe das axudas e descrición do aboamento en un ou varios pagamentos por anualidades das mesmas.

CUARTA.- Información sobre as axudas concedidas

Por parte da Fundación deberá facilitarse ao Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de A Coruña) a través da Comisión de Seguimento regulada na cláusula sétima deste convenio, para permitir a correcta execución das axudas concedidas que sexan obxecto deste convenio, a seguinte información:

- Referencias dos importes que correspondan, de acordo co establecido na convocatoria, en concepto de retribución bruta salarial de cada contrato ou, no seu caso, para a creación de postos de traballo permanente.
- Período máximo para a incorporación do persoal nas condicións establecidas na correspondente resolución da convocatoria.
- No seu caso, limitacións as actividades complementarias, coma as gardas, que se puideran ter fixadas na convocatoria.



- Prazos previstos, no seu caso, para que polo Servizo Galego de Saúde se facilite a documentación correspondente para a xustificación económica anual das axudas.
- Proposta de redacción concreta da actividade obxecto das axudas e da incorporación dos logos correspondentes as entidades financiadoras, que deberán recollese nos contratos a formalizar polo Servizo Galego de Saúde, para dar cumprimento as obrigas de publicidade da convocatoria.
- Calquera outra circunstancia recollida na convocatoria e que deba ser tida en conta na execución dos contratos.

QUINTA.- Condicións de pago

As achegas económicas que se efectúen por parte do INIBIC ao Servizo Galego de Saúde, a través da Fundación, e que proveñen da convocatoria da AES indicada na cláusula primeira, destinaranse a sufragar polo Servizo Galego de Saúde os gastos derivados da contratación dos candidatos que estableza a resolución definitiva do órgano concedente.

En caso de que, por calquera causa, o convenio se resolvese antes do prazo previsto, devolveranse ao INIBIC, a través da Fundación as cantidades percibidas e non executadas ó momento da resolución, xunto coa documentación reflectida na cláusula segunda.

SEXTA.- Xustificación

O Servizo Galego de Saúde responderá directamente fronte á Fundación do cumprimento da obriga de destinar, no prazo previsto, as cantidades concedidas polo Instituto de Salud Carlos III para a realización das actuacións previstas no presente acordo e recollidas na correspondente acta da Comisión de Seguimento regulada na cláusula sétima deste convenio, para o financiamento dos contratos que lle correspondan formalizar ao Servizo Galego de Saúde por implicar actividade asistencial.

Se, como consecuencia do incumprimento das obrigas por parte do Servizo Galego de Saúde, a Fundación se vira obrigada a devolver ó órgano concedente unha parte ou a totalidade da cantidade achegada, aquela comprométese a restituír dito importe á Fundación, cos intereses de demora que, no seu caso, estivera obrigada a aboar.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

O seguimento das accións que o Convenio contempla, así como a avaliación do desenvolvemento das actividades derivadas do mesmo e o seu grao de cumprimento, levaranse a cabo a través dunha Comisión de Seguimento que estará constituída :



Por parte do Servizo Galego de Saúde e da ACIS:

- A persoa que ocupe a Dirección da área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria da ACIS, que ocupará á Presidencia da comisión, ou persoa en quen delegue.
- Unha persoa proposta pola Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

Por parte da Fundación:

- A persoa que ocupe a Dirección da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, ou persoa en quen delegue.
- Unha persoa proposta pola Dirección da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC.

Unha persoa designada pola ACIS, actuará como Secretario/a da comisión, con voz, pero sen voto.

A votación dos asuntos que se sometan a comisión decidírase por maioría de votos dos presentes con dereito a voto. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da persoa que a presida.

Asemade, serán funcións da Comisión de Seguimento, intercambiar a información necesaria para facilitar a correcta execución das axudas concedidas que sexan obxecto deste convenio, interpretar e resolver cantas dúbidas e discrepancias puideran xurdir no cumprimento deste convenio, así como todas aquelas cuestións que se produzan na execución do mesmo, fixando os criterios de seguimento e avaliación dos resultados.

Tamén se reunirá e levantará acta esta Comisión de Seguimento no caso de calquera incidencia que se orixine nos contratos que poidan ter efecto na continuidade dos mesmos (renuncia do investigador...) e da liquidación e devolución, no seu caso, que proceda dos importes da axuda concedida.

OITAVA.- Publicidade

Nos contratos que se formalicen deberase dar a axeitada publicidade do carácter público da actividade subvencionada, indicando, se fose o caso, a cofinanciación con fondos europeos ou doutras Administracións públicas, de acordo co establecido nos



regulamentos da Unión Europea, de acordo coa información facilitada segundo o previsto na cláusula cuarta deste convenio.

En concreto, nos contratos que se formalicen ao abeiro do presente acordo, deberá facerse referencia expresa o seu financiamento ou cofinanciamento polo ISCIII con cargo á actuación de que se trate, citando o código de identificación asignado (número de expediente) e deberá incluírse, así mesmo, referencia expresa ao cofinanciamento dos mesmos pola Unión Europea, así como á resolución de concesión da axuda que corresponda, no caso das axudas financiadas con cargo a estes fondos.

Para o correcto cumprimento co esta obriga de publicidade, na Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta deste Convenio, se recollerá a proposta de redacción concreta da actividade obxecto da axuda e da incorporación dos logos correspondentes.

NOVENA.- Duración

Este convenio entrará en vigor o día seguinte da súa firma e desenvolverase durante o tempo preciso para a execución das accións recollidas na cláusula primeira deste convenio, ata un prazo máximo, de conformidade co previsto no artigo 34.2 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, de cinco (5) anos a partir do día seguinte á súa firma, podendo ser prorrogado, por acordo das partes, por un período de ata outros cinco (5) anos adicionais. Todo iso de conformidade co disposto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DÉCIMA.- Resolución anticipada.

Serán causas de resolución deste convenio, as seguintes:

- a) O común acordo das partes asinantes, formalizado documentalmente.
- b) A imposibilidade, legal ou material, de cumprir con algunha das súas cláusulas.
- c) Incumprimento total ou parcial das cláusulas e obrigacións establecidas neste convenio por calquera das partes que non sexa emendado no prazo de trinta (30) días seguintes á recepción da notificación escrita da parte que aprecie o incumprimento, identificando devandito incumprimento e reclamando a súa corrección.
- d) A vulneración do deber de confidencialidade dos datos de carácter persoal ou de calquera outra obrigación derivada da lexislación de protección de datos de carácter persoal.
- e) Calquera outra causa das previstas no artigo 51 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de



Réxime Xurídico do Sector Público

A resolución anticipada do convenio marco supoñerá a extinción dos convenios vixentes nese momento, previo acordo da comisión de seguimento prevista neste convenio.

UNDÉCIMA.- Cuestións litixiosas e xurisdición

O presente acordo someterase e interpretarase conforme á lexislación española. Para a solución das diverxencias que puideran xurdir na interpretación, execución ou validez do mesmo, as partes someteranse á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

DÉCIMOSEGUNDA.- Rexistro de convenios e transparencia

A sinatura deste Convenio de Colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal e outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade co íntegro contido do presente Convenio, as partes o asinan, en triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e a data sinalados no encabezamento do mesmo.

POLA FUNDACIÓN

**POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E
A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO
COÑECEMENTO EN SAÚDE**

Asdo.: D. Luis Verde Remeseiro

Asdo.: D. Antonio Gómez Caamaño

